




IES Porta da Auga

Boletín 1

(Do 30 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2009)

PROBLEMA 1: UN DÍA NO CIRCO

O dono do MATECIRCO quería que o seu circo fose “O Maior Espectáculo do Mundo”. Así que entre cada número propoñía adiviñas con fins publicitarios. A primeira delas dicía: “Un gato e un can adestrados corren unha carreira de cen metros con ida e volta. O can avanza tres metros en cada zancada mentres que o gato “só” dous metros. Agora ben, o gato dá tres saltos por cada dous do can. Nestas condicións, cal é o resultado da carreira?”



PROBLEMA 2: PASATEMPO DE SOBREMESA




Despois dunha succulenta cea de Nadal, propuxéronnos un desafío que parecía enormemente doado, pero unha vez que probamos non o resultou tanto. Consiste en coller 8 copas, das cales 4 están baleiras e 4 cheas, as primeiras á dereita e as segundas á esquerda, todas elas en fila. Erguendo dúas copas adxacentes cada vez (unha ao lado da outra) e en catro movementos, cambiar as posicións de maneira que se alternen copas cheas con copas baleiras.

Máis problemas ⇒

PROBLEMA 3: RELOXOS

Antón, que vive en Ribadeo, ten dous amigos que coñeceu o verán pasado nas vacacións: Andy (Sydney, Australia) e Hahn (Berlín, Alemaña). Desde entón comunícanse a miúdo a través de chat. Como teñen que conectarse á vez deben encontrar unha hora apropiada. As diferencias horarias son as seguintes:



Ribadeo
12:00 da noite


Berlín
01:00 da noite

Sydney
10:00 da mañá

Andy e Hahn non poden chatear entre as 9:00 da mañá e as 4:30 da tarde, das súas respectivas horas locais, porque teñen que ir ao colexio. Tampouco poden desde as 11:00 da noite ata as 7:00 da mañá, das súas respectivas horas locais, porque estarán durmindo.

A que horas se debe conectar a internet Antón para poder chatear con Andy e Hahn?.

PROBLEMA 4: OS AROS ENCADEADOS



Coloca en cada intersección dos aros (sinaladas cos círculos brancos) os números do cero ao cinco, de xeito que para cada aro, a suma dos números polos que pasa é 10.